

PARÁSITOS

Bong Joon-ho, 2019

602

ESTREA EN NUMAX: 25.10.2019 | V.O.S.E.

기생충 - *Gisaengchung* (2019, 132')

Dirección: Bong Joon Ho

Guión: Bong Joon Ho, Han Jin Won

Elenco: Song Kang Ho, Lee Sun Kyun, Cho Yeo Jeong, Choi Woo Shik, Park So Dam, Lee Jung Eun, Chang Hye Jin

Son: Eun Hee Soo, Young Kang Hye

Montaxe: Kyung-pyo Hong

Fotografía: Hong Kyung Pyo

Dirección de arte: Lee Ha Jun

Vestuario: Choi Se Yeon

Música: Jung Jae Il

Produtora: Barunson E&A, CJ E&M Film Financing & Investment Entertainment & Comics, CJ Entertainment, TMS Comics, TMS Entertainment (Corea do Sur)

Distribuidora: La Aventura Audiovisual

Formato de proxección: DCP2K, 2.39:1

Idioma orixinal: Coreano

PREMIOS E FESTIVAIS

Berlinale 2019 (Panorama)

FILMOGRAFÍA

Okja, 2017

Rompenieves (Snowpiercer), 2013

Mother, 2009

The Host, 2006

Influenza, 2004 [curtametraxe]

Crónica de un asesino en serie, 2003

Perro ladrador, poco mordedor, 2000

Incoherence, 1994 [curtametraxe]

SINOPSE

Toda a familia de Ki-taek está no paro e interésase moito polo tren de vida da riquísima familia Park. Un día, o seu fillo logra que o recomenden para dar clases particulares de inglés na casa dos Park. É o comezo dunha engrenaxe incontrolábel, da que ninguén sairá realmente indemne.

«Extraordinaria, sorprendente pola natureza endiañadamente cómica e política da súa proposta»

Carlos Reviriego, EL MUNDO



“A casa da familia rica é unha metáfora do capitalismo”

Entrevista con Bong Joon-ho

Por Stéphane du Mesnildot

De onde che veu a idea de *Parásitos*?

Realizar un filme leva tanto tempo que resulta complicado lembrar o punto de partida. É como esas cicatrices que se manteñen no tempo, esquecemos de onde proceden. Creo que os filmes intálanse en min seu ser consciente. O que recordo é ter contado a historia na miña contorna máis próxima no inverno de 2013. Na primeira metade a trama era idéntica: os catro membros dunha familia pobre infiltranse un tras doutro na casa dunha familia rica. Pero a partir de aí todo cambiou. Reescribín esa segunda parte eu só, durante catro meses, no outono de 2017. En orixe, o título non ía ser *Parásitos* senón *Calcomanía*, dado que pobres e ricos tiñan unha aparición simétrica. *Parásitos* decántase máis pola familia pobre.

A posta en escena é tan precisa que imaxinamos que a estrutura do filme xurdiu no proceso de escritura. O primeiro son as imaxes que veñen á miña mente. Por suposto, estamos obrigados a darlle a forma dun guión para discutilo cos produtores. As imaxes chegan á miña

cabeza e a escrita permíteme desenlealas. Traballei arreo co meu director artístico. Antes da escrita do guión, cumpría ter unha idea moi precisa da disposición da cociña, o salón, o xardín, o soto, etc. Por exemplo: que verán os espectadores se xiramos a cámara cara á esquerda? A partir de aí puidemos arrancar a historia.

Cal foi o teu criterio á hora de crear as dúas familias? Non me interesaba facer unha distinción entre personaxes bos e malos. As dúas familias evolúen nunha zona ambigua, entre o ben e o mal, como na vida. Nos meus outros filmes falaba xa das familias. En *Mother* (2009) o pai está ausente e só temos a nai e os fillos. En *The Host* (2006) é a nai a que está ausente. Sempre hai unha ausencia nas familias dos meus filmes e é partir desa falla que a historia pode desenvolverse. Porén, en *Parásitos* as familias están ao completo: nai, pai, fillo e filla. A diferenza fundamental entre as familias reside no lugar que ocupan socialmente. Unha vez que estas persoas normais se atopan sucédense os incidentes que desembocan en traxedia.

***Parásitos* amosa diferentes clases sociais que se destrúen. É ese o clima que se sente hoxe en Corea?** A fractura entre ricos e pobres ensánchase no meu país, pero tamén no resto do mundo. Pódese ver aquí en Francia co movemento dos chaleques amarelos. É o problema de vivir nun mundo someso ao sistema capitalista. Cada vez atopo máis sufrimento e paréceme difícil que se vaia dar marcha atrás. Gustaríame pensar

que, dentro de 300 anos, a xente poida ter unha idea da nosa sociedade mirando *Parásitos*.

A familia Kim non ten realmente conciencia política. É certo. Non teñen unha idea de solidariedade fóra da súa propia familia. Porén, mesmo se non teñen conciencia de clase ou unha hostilidade real a traxedia agroma. Creo que debemos preguntarnos: Cales son as súas causas? Como chegamos até aquí? Así poderemos chegar a comprender o que o meu filme quería contar.

A casa ten un meigallo... Podemos considerar a casa da familia rica como unha metáfora do capitalismo. Vivimos unha época na que os pobres se converten en pantasmas ou parásitos e poden desaparecer un día sen deixar rastro. Por iso viran tristes e solitarios coma pantasmas.

Publicado en Cahiers du Cinéma nº756 - Xuño 2019
Tradución: Xan Gómez Viñas

O director

Bong Joon-ho (Daegu, Corea do Sur, 1969) é un célebre director surcoreano cuxo cinema ofrece unha acesa e incómoda mirada cara a sociedade actual, a partir de reinterpretación de xéneros clásicos como o cinema negro (*Crónica de un asesino en serie*, 2003), cinema de monstros (*The Host*, 2006) ou a ciencia ficción en *Snowpiercer* (2013). En 2017 a revista Metacritic sitúao no posto 13º nos 25 cineastas máis importantes do século XXI. *Parásitos* supón a consolidación crítica de Joon-Ho, acadando a Palma de Ouro ao Mellor Filme no pasado Festival de Cannes e contando coa aclamación de crítica e xurados en decenas de festivais de todo o mundo.

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org



MARTA XA TEN O SEU ABONO PROTEXE

E ti, a que
agardas para
abonarte?



Se ti xa es de NUMAX
e queres compartilo,
fai unha foto co teu
abono e compártea.
#eusondenumax